

# Carta aos lectores

**A** bordamos neste número tres procesos complementarios que definen os contornos do tempo que estamos a vivir. Dunha banda, a reflexión sobre o declive da superpotencia hexemónica, Estados Unidos. **Jared Larson e Alfredo Toro Hardy** nos achegan perspectivas sobre as dimensións e impactos desa decadencia en áreas de especial proxección como a diplomática ou a defensa e seguridade. **Isabel Stanganelli**, ao tratar o conflito de Ucraína, tamén nos ofrece unha perspectiva concreta das novas contradicións que supón para a alianza occidental a recuperación dos folgos perdidos que semella liderar o presidente ruso Vladimir Putin.

Por outra banda, ese proceso converxe coa transgresión crecente promovida polos BRICS, con contornos aínda indefinidos en varios campos pero con unha sintonía crecente na orde económica e unha reivindicación amplamente compartida dun maior protagonismo (e responsabilidade) na xestión dos asuntos globais. As visións desde perspectivas diversas como as procuradas desde entornos xeopolíticos relevantes (Brasil, **Flávio Wolf de Aguiar**, e China, **Álvaro Malaina e Zhou Liying**) resaltan os avances experimentados na orde da multipolaridade como unha tendencia que viu para quedarse. Un dos aspectos onde mais incide o papel dos BRICS ten que ver co redeseño da orde monetaria, un tema complexo e delicado que aborda **Sálvia López Matas**.

Complementariamente, ese proceso de transformación da orde internacional no nivel macro que transcorre da man dos grandes actores globais ten un contrapunto na xeración de novas propostas no nivel micro, axustando aquelas novas formas de organización e coordinación global con outras relativas ao deseño de novas formas de unión que suxiren un debate de alcance sobre o redimensionamento dos propios Estados. O referendo levado a cabo en Escocia, que foi seguido con grande atención en todo o mundo, é obxecto de reflexión por parte de **Teresa Barro e Sandrina Ferreira Antunes**, con puntos de vista complementarios e un ronsel de datos elementais que ás veces se ignoran e que son de especial transcendencia para entender canto acontece. E achegámonos de esguello a Cataluña, cunha achega de **Jordi Solé** sobre unha experiencia no eido da definición paradiplomática caracterizada por un modelo participativo con integración da sociedade civil na conformación da política exterior.

Pechamos o número co estudo de **Dinorah Carnevali** sobre os antecedentes que derivaron na eclosión do chavismo en Venezuela, unha crise integral e profunda cuxa comprensión e coñecemento é indispensable para entender o rumbo, tan contraditorio ás veces, da Venezuela actual.

O director